

Randall Hall presenta un programa de compositores americanos vivos, que explora os potenciais sonoros do saxofón e da electronic. Multifónico é a produción de múltiples alturas nos instrumentos de vento. A miña colección de estudos está deseñada para axudar aos alumnos a mellorar esta técnica e introducilos na interpretación da música contemporánea. Estes exemplos están deseñados para demostrar o potencial musical dos multifónicos en combinación con outras técnicas como os trinos de multifónicos, microintervalos e *slap* – ás veces son brutais, outras veces etéreos.

Jason Price, trompetista, compositor e improvisador, é membro do ensemble de música contemporánea *Alarm Will Sound*. **Migration** explora o comportamento das aves elaborando algoritmos nos entornos de programación Max e Jitter. Musicalmente céntrase en variacións sobre un único son. Esta peza foi premiada o psado Xuño no Conservatorio della Svizzera Italiana, Lugano, Suiza, e foi subvencionada polo *American Composers Forum*.

O Compositor e saxofonista Mark Engebretson é profesor de Composición e Música Electrónica na *North Carolina University* e a súa música é interpretada en todo o mundo. De **Energy Drink** di que é “unha peza profunda, rápida e agresiva.” Sitúa a o saxofón (e a o saxofonista) ao límite, explotando técnicas estendidas como os multifónicos, slaps, microintervalos, *growl* e *flutter-tongue*.

O compositor e pianista Joann Cho finaliza o PhD en Composición na Santa Barbara University. “**Vacance** explora dúas texturas opostas”, explica o compositor, “as notas cortas, no rexistro grave, repetidas ininterrompidamente ao longo de toda a peza. A outra textura, proveñente do rexistro grave, desenvólvese a través de suaves e delicadas texturas, sons largos e pasaxes a modo de escalas. Estes dous mundos colisionan ao longo da peza, fusionándose ao final.”

Esta é a primeira interpretación da obra de Jonathon Kirk **Riddled Ladder**. Kirk é profesor de composición e teoría no *North Central College* e colaboramos no ensemble de improvisación *Pendulum*. A parte de saxofón desta peza é consecuencia do traballo realizado no ensemble. A parte de electronic é xerada en tempo real co saxofón. O escritor escribe: “Eencialmente o título fai referencia á escala...a palabra escala ven do significado orixinal do término *ladder*. Idea das escaleras sen fin da historia de Borges *A Librería de Babel*”.

Derek Jenkins cursa actualmente composición na *Rice University*. Esta é unha das numerosas pezas para saxofón que ten escrito tomando o nome das leis do movemento de Newton. “O nome *action/reaction* fai referencia á terceira das leis que establecen que cada acción ten unha reacción igual en sentido contrario. Para levar isto á música, utilizo a tríada aumentada. Con igual proporción entre as Alturas e igual división da octava en tres partes, a tríada aumentada permite a esta peza demostrar que ‘o que sube baixa’ en termos Newtonianos.”

Ás veces o máis pequeno evento pode ter as repercusións máis profundas. **Reflecting Pool** evoca a contemplativa e elevada carga visual e musical expedición a través do ciclo do caos e recuperación. Esta partitura foi orixinalmente composta para acompañar a curtametraxe de Matt Costanza e Stephanie Maxwell n *Image, Movement, Sound Festival 2004* en Rochester, New York. A música se desenvolve nunha serie de episodios que seguen o cambio de escenas da película. Cada episodio presenta unha pequena célula temática, incorporando técnicas estendidas de interpretación, libremente desenvolvidas polo saxofón. A cinta consiste en varias sinais acústicas (incluíndo pasaxes do saxofón, vocalizacións das miñas fillas Hannah e Rachel, *riffs* de guitarra eléctrica, radio estática, etc) sometidos a manipulacións dixitais. A música en vivo e a electrónica mézclanse para producir un rango de cores e texturas que realzan as imaxes. Para saber máis sobre Stephanie Maxwell (<http://www.rit.edu/~sampph>).

**Randall Hall** é un dos principais intérpretes americanos de música contemporánea para saxofón. As súas interpretacións da nova música abarcan dende o contemplativo ata o feroz, e presentan técnicas estendidas, cortes electrónicos e improvisacións incandescentes. Innova Recordings describe a súa música como “de alto octanaxe, saxofón sobrecargado”. Ademais dos seus concertos en solitario, actúa regularmente con *Pendulum*, dúo de improvisación contemporánea. Hall tamén é tamén un distinguido intérprete da música de concerto tradicional.

Activo internacionalmente como intérprete e profesor, Hall deu concertos en toda a América do Norte, Europa e Asia. Te dado conferencias e master-classes sobre a estética e as técnicas da nova música en institucións de todo o mundo, como a Harvard University, Cornell University, a Eastman School of Music, New England Conservatory, no Conservatorio de Luxemburgo e nos Congresos Mundiais de Saxofón. Adicado a o desenvolvemento da nova música e do repertorio do saxofón, Randall Hall traballa en estreita colaboración con compositores e ten estreado obras de James R. Carlson, Kevin Ernste, Figure, Stephen Gorbos, Jing-Jing Luo, Colin J.P. Homiski, Jonathan Kirk, Christian Lauba, Nicolas Scherzinger, Mary Stiles e Paul Swenson.

Randall Hall é o destinatario de moitos premios, incluíndo o Fulbright Grant, Frank Huntington Beebe Grant, Presser Music Award e o Primeiro Premio no Concour Région Ile-de-France. Estudou saxofón con Claude Delangle, Jean-Yves Fourmeau, Jean-Michel Goury, Kenneth Radnofsky e Ramon Ricker. Dr Hall posúe diplomas da Eastman School of Music (DMA), o New England Conservatory (MM), o Conservatoire National de Région de Boulogne-Billancourt, France (Premieiro Premio) e Warner Pacific College (BS). Dr Hall é Profesor de saxofón, improvisación, teoría musical e estudos libres no Augustana College in Rock Island, Illinois.

2011  
CONCERTO, LUNS 28 DE FEBREIRO, 13:00H.

CONSERVATORIO SUPERIOR  
DE MÚSICA DA CORUÑA

AUDITORIO ANDRÉS GAOS

CONCERTO

RANDALL HALL

saxofón

PROGRAMA

Selección de 24 *Multiphonic Etudes* (2008)

Nos. 18, 20, 21, 22, 24

Saxofón alto

Randall Hall (1969)

*Migration* (2010)

Saxofón alto e computadora interactiva

Jason Price (1975)

*Energy Drink I* (1999)

Saxofón alto

Mark Engebretson (1964)

*Vacance* (2011)

Saxofón alto

Joann Cho (1985)

*Riddled Ladder* (2011)

Saxofón alto e electrónica en vivo

Jonathon Kirk (1975)

*action/reaction* (2009)

Saxofón alto

Derek Jenkins (1986)

*Reflecting Pool* (2004)

Saxofón alto e cinta

Randall Hall

A interpretación de *Migration* está patrocinada polo  
*American Composers Forum* a través do *Encore Program*.

[csmcoruna.com](http://csmcoruna.com)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Superior de Música da Coruña